

ECOS DA FIESTA

SALVADOR CASTRO OTERO

A Ramón Santaclara e José Gestido e neles a todo o Clube Xadrez Bueu

A Carlos, Patricia, Laura e Pedro, que como moitas veces me abren camiños coa súa acollida

CANDO era novo, as festas eran sempre un tempo de pánico, as multitudes causábanme pavor e os meus pais preocupados, por ese fillo tan "raro" que tiñan, empurrábanme cara ás verbenas. Aínda hoxe lembro as miñas camiñadas polo porto agardando unha hora "corrente" para chegar á casa e a presión do meu entorno: "Vaite divertir", "¿Que fas na casa?". Eran argumentos incontestables porque proclamar o dereito a divertirse coa lectura, co xadrez, co paseo polo monte, ou mesmo xogando ó fútbol pero onde non houbera unha masa informe, desasosegante e esmagadora, eran cousas pouco correntes e xa se sabe que o que non é normal é perigoso e pouco saudable.

Hai uns meses Carlos pedíume que participase na Fiestas. Díxennlle que si porque non son capaz de dicir que non ós amigos e porque pensaba que estas cousas culturais son sempre de catro "chalados". Cal foi a miña sorpresa cando, ó chegar ó recinto do castelo, descubrín que había moita xente, pero por primeira vez sentín que tiñan rostro, que tiñan ganas de ledicia e, sen embargo, non esmagaban a ninguén obrigándoo a facer calquera actividade absurda alonxada dos seus desexos, e que pasaban polo lado e FALABAN os

uns cos outros nunha enorme polifonía. Foi a primeira vez que no medio de tanta xente puiden falar dos temas máis variados: música, embarcacións tradicionais, xadrez, fútbol, pero tamén houbo tempo para temas frívolos e mesmo díscolos porque a vida é pluriforme e ten un tempo para todo... Gracias pois á Fiestas e ós seus organizadores polo ben que me acolleron, pola oportunidade de que a actividade que amo, o xadrez, tivera un oco entre outras e por me daren a oportunidade de estar con moitos pero estar íntimo.

As simultáneas de xadrez foron moi interesantes, e non sería serio que, despois da miña apelación ó compartir, á cercanía non exenta de individualidade, non trouxera a esta páxina algunhas das súas posicións.

No primeiro diagrama temos unha posición moi instructiva: o final cun peón de máis está gañado pero é moi interesante coñecer os dous métodos posibles para obter a victoria. O primeiro, que foi o que se seguiu na partida, consiste en irromper no flanco de rei negro; e o segundo en buscar unha posición de *zugzwang*.

1. Re4 [Se optamos polo segundo plan a idea é avanzar o peón ata c7 e




Diagrama I

gracias ó peón de h3 perder os tempos precisos para evitar o afogado así: 1. f5- Rc7; 2. Rd5- Rd7 (collendo á oposición ó rei branco) 3. c6+ - Rc7; 4. Rc5 - Rc8; 5. Rd6- Rd8; 6. c7+- Rc8; 7. h4 (Este movemento é a clave da idea do branco, xa que forza ó negro a ir co rei a b7 e permitir a coroación do peón) h6; 8. h5- (as negras están en *zugzwang*) Rb7; 9. Rd7 con vantaxe definitiva.] **Rxc5; 2. Rf5** [irrompendo no maltreito flanco de rei negro] **Rd4**; [as negras non chegan a tempo para defender os seus peóns polo que tentan atacar os brancos] **Rxf6- Re4; 4. f5- Rf4; 5. Rxf7 - Rg3; 6. Rg7 - Rxh3; 7. f6- Rxg4; 8. Rxh7** e o avance do peón é imparabile. ►

ELECTRO
GONZALEZ *Gotan, S.L.*

ELECTRODOMÉSTICOS E MATERIAL ELÉCTRICO

Bº A Calle, 38 • Telf. e fax: 986 62 10 11 • 36750

CLINICA
DENTAL

Ignacio Rodríguez Núñez
ODONTÓLOGO

Rúa da Guarda, 4 - 2º A • TOMINO
Telf.: 986 623 301

Gracias á Fiasta por contribuir a ser unha Babel lingüística e de actividades onde poidamos estar todos sen deixar de ser




Diagrama II

◀ O segundo diagrama mostra a posición final dunha partida. O meu adversario ofreceume táboas e acepteinas, pero como estou certo de que a búsqueda da verdade é algo que atrae ós xadrecistas, seguirei coa análise da estratexia coa que as brancas poderían gañar a partida.

O peón de máis das brancas e a maior actividade das súas pezas fai que o final estea gañado por este bando. O plan que cómpre seguir é situar o bispo na casa e5 coa idea de controlar a casa a1 e h8. **1. Be5 - Rb5** [coa intención de crear un contraxogo mediante o avance do peón a] **2. h4** [o peón h é imparable] **Te3**; [2...a5?!]; **3. h5 - Be3** (coa idea de sacrificar o bispo polo peón h e confiar no avance do peón negro) **4. h6 - Bxh6**; **5. Txh6 - a4**; **6. Rf5 - a3**; **7. Th2** e así se para ó peón a e o do branco avanza

irremisiblemente] **3. Rf4 - Te1** [para tentar parar o peón h por detrás] **4. h5 - Th1**; **5. h6 - a5**; **6. Bg7 - a4**; **7. Tg4** [coa intención de apoiar o avance do seu peón por detrás] **a3**; **8. Th4 - Tf1+**; **9. Rg4 - Tf7**; **10. Th2** [xusto a tempo para dete-lo peón negro. **10. h7?? - Txg7**; **11. Rf5 - Txh7**; **12. Txh7 - a2**; **13. Th1 - Bd4** con igualdade] **Rb4**; **11. Rg5 - Rb3**; **12. Rg6 - Tf3**; **13. h7 - Txg3+**; **14. Rh6 - Txg7** [a última esperanza negra] **15. h8=D - Bd4**; **16. Db8+** e as negras reciben mate en poucas xogadas.




Diagrama III

O diagrama tres mostra unha posición dunha moi interesante partida na que o meu contendente demostrou un fino xogo estratéxico contra unha estrutura de cuña en e5. A posición non se chegou a dar, pois o negro tivo mala sorte e en vez de entrar nela como sería xusto polo seu nivel, cometeu un erro e

perdeu, pero convén analizar as características deste final que aínda que complexo debe ser gañado polas brancas pois teñen un peón pasado na columna d, a dificultade atópase en evitar os xaques da dama negra. **1. De6+ - Rf8**; **2. d6 - Dd1+** [comeza agora o baile de xaques que ten que evitar o rei branco] **3. Rg2** [a idea correcta é levar o monarca cara ó flanco de dama onde se protexerá dos xaques detrás dos peóns] **Dd2+**; **4. Rf3 - Dd3+**; **5. Rf4 - Dd4+**; **6. Rf5 - Dd3+**; **7. Re5 - De3+**; **8. Rd5 - Dd3+**; **9. Rc5 - Dc2+**; **10. Rb6 - Df2+**; **11. Rxa6** [os xaques remataron e o peón coroará en poucas xogadas] **11...Dxb2** [as negras están perdidas e ningunha xogada é suficiente para salvar a partida así **11...Df6**; **12. Dxf6 - gxf6**; **13. Rb7 - Re8**; **14. Rc7** con vantaxe decisiva. **11...Df3**; **12. Dc8+ - Rf7**; **13. d7 - Df6**; **14. Ra7 - Df2+**; **15. Rb7 - Df3+**; **16. Rb8 - Df4+**; **17. Dc7** tamén con vantaxe decisiva; o mesmo que tras **11...b4**; **12. d7 - Df1**; **13. Rb6 - Df2+**; **14. Rb5 - Df1+**; **15. Ra4 - Dd1+**; **16. b3 - Dd2** **17. De8 +** **12. d7 - Da3+**; **13. Rb6 - De7**; **14. Dxe7 - Rxe7**; **15 Rc7** e as brancas gañan.

(comentarios sobre notas de Ramón Santaclara, ex-campión galego xuvenil)

Así pois, gracias ós participantes nas simultáneas, ós organizadores da Fiasta pola música, pola danza, polos xogos, as exposicións... e a todos vós por ter rostro e ter polifonía por contribuir a ser unha Babel lingüística e de actividades onde poidamos estar todos sen deixar de ser.

ALMACÉNS

SANTA LUCÍA

BOUTIQUE DO FOGAR • DECORACIÓN • DESEÑO • MOBLES DE ESTILO

Concepción Arenal, 24 e 18 - A GUARDA

Tel.: 986 610 858



CLÍNICA VETERINARIA

ALAMEDA

Medicina e cirurxía • Vacinacións
Consultas a domicilio
Grandes e pequenos animais
Animais vivos • Alimentación • Tenda
Servicio 24 horas

Transv. Troncoso, 5 • Tel.: 986 61 06 28 • Móbil: 608 88 27 09 • A GUARDA